

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:45 horas do día 19/07/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de D^a. M^a **LUISA SANCHEZ MENDEZ**, sendo a súa suplente D^a. M^a **SANDRA BASTOS MIGUEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D^a BELEN CACHAFEIRO ANTA, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D^a DIGNA RIVAS GOMEZ** en substitución de D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, **D. CARLOS GOMEZ PRADO, D. PACO FERREIRA GONZALEZ, D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GREGORIO AGIS GOMEZ** en substitución de D. GORKA GOMEZ DIAZ, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ E D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA.**

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 21 de xuño de 2024

2.-DAR CONTA DA ADXUDICACION DO CONTRATO DE PATROCINIO DEPORTIVO “CTO. MUNDO DE VELA NAS CLASES 49ER, 49ER FX E NACRA 17”

Mediante RP 2024005466 de data 27/06/24 aprobouse o expte. de contratación para o “Patrocinio de patrocinio deportivo do Cto. Mundo de Vela nas clases 49er, 49er FX e Nacra 17” por un importe de 50.125,00 € (IVE incluído).

O prazo de duración do contrato será ata a finalización do evento, o 21 de xullo de 2024.

3.- DAR CONTA DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA “CLEAN ENERGY SHIP”

O 15 de xullo de 2024 formalizouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación Clean Energy Ship da Universidade de Vigo, presentando a solicitude o 14 de xuño de 2024 por importe de 6.500,00 € para participar na regata MBC, que ten lugar durante o mes de xullo.

4.- DAR CONTA DAS SOLICITUDES PRESENTADAS NO PROGRAMA “O TEU ESPAZO XUENIL”

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 02 de xullo para o programa “O teu espazo xuvenil”, en réxime de concorrencia competitiva e dirixidas a concellos de menos de 20.000,00 habitantes, e destinadas para financiar o equipamento das instalacións e locais destinados á mocidade; presentáronse un total de 23 concellos, dos cales 16 teñen consideración de reto demográfico.

A dotación destinada a esta convocatoria é de 100.000,00 € establecéndose contías máximas para cada concello as seguintes:

- 2.100,00 € para concello de reto demográfico
- 1.500,00 € para os restantes
-

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:50 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

